



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito de Sociedades e Dereito Concursal

Materia	Dereito de Sociedades e Dereito Concursal			
Código	V08M129V01101			
Titulación	Máster Universitario en Dereito de Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito privado Dpto. Externo			
Coordinador/a	Izquierdo Alonso, Jacobo			
Profesorado	Blanco Saralegui, José María Costas Iglesias, Marta Espada Méndez, Alfonso Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio Güell Cancela, Luis Izquierdo Alonso, Jacobo Rodríguez Rodríguez, Bibiana Tronchoni Albert, Jose Varela Suárez, Juan María			
Correo-e	jizqdo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Coa materia Dereito de Sociedades e Dereito Concursal trátase que o alumno saiba resolver e asesorar sobre os problemas reais no ámbito do Dereito de Sociedades e do Dereito Concursal, a través da análise da xurisprudenza, casos prácticos e documentos xurídicos relacionados coa asignatura.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma.
B3	Capacidade de argumentar e rebatir ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
C1	Capacidade de identificar problemas xurídicos propios do Dereito mercantil e abordar a súa solución de xeito interdisciplinar.
C2	Capacidade de interpretar e analizar criticamente os aspectos xurídicos técnicos propios do Dereito mercantil.
C3	Capacidade de comprender e redactar documentos xurídicos así como de interpretar as fontes normativas relacionadas co Dereito mercantil.
C4	Coñecer as principais liñas xurisprudenciais existentes en cada unha das materias propostas no módulo de Dereito mercantil.
C5	Promover o estudo de casos prácticos relacionados con cada unha das materias integradas no módulo de Dereito mercantil.
D3	Capacidade para resolver os problemas xurídicos que surxen no ámbito do Dereito de Empresa.
D5	Capacidade para afrontar desde un punto de vista xurídico as diferentes problemáticas vinculadas ás empresas.

Resultados de aprendizaxe

Saber resolver e asesorar sobre os problemas reais no ámbito do Dereito de sociedades e do Dereito concursal, a través da análise de xurisprudenza, casos prácticos e documentos xurídicos relacionados coa asignatura.

A3
A4
B1
B3
B5
C1
C2
C3
C4
C5
D3
D5

Contidos

Tema

I. EMPRESARIO E REXISTRO MERCANTIL.	1. Delimitación do concepto de empresario. 2. A responsabilidade do empresario. 3. O Rexistro Mercantil: funcións. 4. Eficacia da inscrición no Rexistro Mercantil.
II. CONSTITUCIÓN DAS SOCIEDADES DE CAPITAL.	1. Requisitos e procedementos de constitución das sociedades de capital. 2. A fundación simultánea na s.a. e a fundación da s.r.l.: os fundadores; a constitución telemática; a sociedades en formación; a sociedade irregular; a responsabilidade dos fundadores. A nulidade da sociedade. As achegas sociais.
III. ORGAOS SOCIAIS.	1. A xunta xeral de socios nas sociedades de capital: competencias; convocatoria; constitución; deliberación; os acordos; a acta da xunta. 2. O orgao de administración nas sociedades de capital: noción, competencias e estrutura; nomeamento, cese e retribución; o exercizo do cargo; responsabilidade dos administradores; o Consello de Administración.
IV. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS. DISOLUCION E LIQUIDACIÓN DE SOCIEDADES. MODIFICACIÓNS ESTRUCTURAIAS.	1. A modificación dos estatutos nas sociedades de capital: requisitos da modificación; regras específicas de tutela dos socios en certos casos; o aumento de capital; a redución de capital. 2. A exclusión e separación do socio nas sociedades de capital. A disolución de sociedades: causas de disolución; efectos da disolución; publicidade da disolución. 3. A liquidación de sociedades: or órgaos sociais da liquidacións; operacións fundamentais da liquidación. 4. As modificacións estruturais: réxime xurídico; a transformación; a fusión de sociedades; escisión de sociedades; cesión global do activo e pasivo. Traslado internacional do domicilio social.
V. CRISE ECONÓMICA DO EMPRESARIO: A DECLARACIÓN DE CONCURSO. DETERMINACIÓN DAS MASAS ACTIVA E PASIVA.	1. A declaración de concurso. Efectos da declaración de concurso. 2. A determinación das masas activa e pasiva. O informe d administración concursal.
VI. CRISE ECONÓMICA DO EMPRESARIO: AS SOLUCIÓNS DO CONCURSO. A CONCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO.	1. As solucións do concurso: o convenio: apertura da fase de convenio: requisitos do convenio; a xunta de acreedores; a aprobación xudicial do convenio; eficacia do convenio. A proposta anticipada de convenio. 2. As solucións do concurso: a liquidación. A apertura da fase de liquidación; efectos da liquidación; operacións da liquidación; o pago aos acreedores. 3. A calificación do concurso. 4. Conclusión e reapertura do concurso.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	75	75
Estudo de casos/análises de situacións	48	25	73
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de casos prácticos e exercizos, e respostas a cuestionarios de índole teórico-práctico por parte do alumno e baixo supervisión do profesor.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de casos relacionados cos contido teóricos expostos polo profesor, ben baixo a guía e supervisión deste, ben de xeito autónomo polo alumno, que sirvan para a interpretación dos ditos contidos, aplicando e completando os coñecementos adquiridos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o tempo adicado á explicación de teoría, ao estudo de casos e á resolución de exercizos, o alumno poderá resolver as dúbidas que se lle prantexen no desenvolvemento das ditas actividades.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos/análises de situacións	A correcta análise e, no seu caso, acertada resolución, dos casos y textos que se presenten ao alumno para ese efecto, así como a participación activa dos alumnos nestas actividades, serán obxecto de avaliación continua no curso das sesións presenciais en que se desenvolva a materia.	50	A3 A4	B1 B3 B5	C1 C2 C3 C4 C5	D3 D5
Resolución de problemas e/ou exercicios	A boa resolución e acertada contestación aos problemas, casos e cuestións de índole teórico práctico que se expoñan aos alumnos, e que permita verificar as destrezas e competencias adquiridas polos alumnos, serán obxecto de avaliación nun exame final.	50	A3 A4	B1 B3	C1 C2 C3 C4 C5	D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

O 50 % da cualificación final corresponderá á cualificación que se outorgue, mediante avaliación continua, ao estudo de casos.

O outro 50% da cualificación final virá representada pola nota que se obteña na resolución dos problemas e exercicios que se propoñan nun exame final.

Para seguir o sistema de avaliación continua será necesario asistir ao 90% das sesións presenciais. No exame final terase que alcanzar a cualificación mínima de 3 puntos (sobre 5).

Os alumnos deberán asistir ás actividades que lles indiquen os coordinadores da materia e que se computarán como horas de docencia.

En segunda convocatoria aplicaranse as mesmas normas e criterios da primeira convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Broseta Pont, M., **Manual de Derecho Mercantil**, Última edición,
 Arribas Alvarez, J.F., **El Registro Mercantil en España: organización y función**, Última edición,
 Beltran Sanchez, B. y Rojo Fernández Río, A. (coord.), **Comentario a la Ley de Sociedades de Capital**, 2011,
 Rojo, A. y Beltrán E. (dirección), **La responsabilidad de los administradores de las sociedades mercantiles**, 2012,
 Beltran Sanchez, E.; Campuzano Laguillo, A.B.; Rojo, A., **La liquidación de las sociedades mercantiles**, 2012,
 Rodriguez Artigas, F., **Modificaciones estructurales Sociedades de Capital**, 2009,
 Avila Navarro, P., **Modificaciones estructurales de las sociedades mercantiles. Ley 3/2009**, 2009,
 Beneyto Pérez, J.M.; Hernández Sainz, Esther; Lago Gil, Rita, **Transmisiones de empresas y modificaciones estructurales de sociedades**, 2010,
 Alonso Ureba, A. et alt., **Revista de Derecho de Sociedades**,
 Prendes Carril, P.; Muñoz Paredes, A. (directores), **Tratado Judicial de la Insolvencia**, 2012,
 Martínez Sanz, F. (director), **Tratado práctico del derecho concursal y su reforma**, 2012,
 Beltrán, Emilio (director), **Esquemas de Derecho concursal**, 2012,
 Beltrán, E.; Rojo, A., **Comentario a la ley concursal**, 2004,
 Westlaw Encuentra,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno que acuda ás sesións presenciais provisto do material necesario para un axeitado seguemento e participación nas mesma, en especial os textos legais que sexan obxceto de estudo e análise.
